

CONVOCATORIAS ASEMBLEAS XERAIS 2020

Estimado/a socio/a de número:

O Presidente do Clube de Montaña Xistra de conformidade co disposto no artigo 17 dos vixentes Estatutos do Club, convócalle para que asista á **Asemblea Xeral Ordinaria** e á **Asemblea Xeral Extraordinaria** a celebrar, a primeira delas, o **venres día 17 de xullo de 2020** ás seguintes horas: ás 19:30 horas en primeira convocatoria, ou de non asistir o quórum necesario, ás **20:00 horas en segunda convocatoria**. A Asemblea Xeral Extraordinaria será celebrada inmediatamente despois do peche da ordinaria.

ASEMBLEA XERAL ORDINARIA

Convocatoria segundo o Art. 17.1 dos Estatutos da **Asemblea Xeral Ordinaria**, co seguinte **orde do día**:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Lectura e aprobación, se procede, do Estado de Contas 2019.
3. Resumo de actividades 2019, proxecto 2020.
4. Rogos e preguntas.

Só terán dereitos na asemblea os socios coa licenza tramitada de 2020.

ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA

Convocatoria segundo o Art. 17.2 dos Estatutos da **Asemblea Xeral Extraordinaria**, co seguinte **orde do día**:

1. Modificar os Estatutos do Club para incorporar a autorización para a celebración de Asembleas Xerais Ordinarias e Xuntas Directivas mediante medios telemáticos.

IMPORTANTE

Protocolo COVID-19: en cumprimento das medidas socio-sanitarias será **obligatorio o uso de máscara en todo momento** e manter a **distancia de seguridade** entre os asistentes.

Excepcionalmente tódolos interesados deberán solicitar a súa asistencia mediante a inscrición previa en <https://xistra.playoffinformatica.com/actividad/23/inscripcion/nueva> dispoñible na web do club.

ATENCIÓN: O lugar da reunión será no Edificio das Federacións Deportivas de Vigo, rúa Fotógrafo Luís Ksado 17 (zona Miñoca - Coia), 36209 de Vigo.

Sen outro particular, recíbide un atento saúdo

Henrique Freixeiro
Presidente